

DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“

2. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2021-2023 REFERENTE Á LIÑA ESTRATÉXICA 1: PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO, NO SENTIDO DE INCLUIR NA LS 1.2. SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS, NAS ANUALIDADES 2022 E 2023, A PREVISIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ENTIDADE CÁRITAS DIOCESANA MONDOÑEDO-FERROL POR UN IMPORTE ANUAL DE 5.000 €. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2022007797). Examinada a proposta que eleva a Concelleira Delegada de Emprego, que textualmente di:

“Con data do 22/02/2022 a xefa do negociado de Emprego emitiu o seguinte informe-proposta sobre o asunto:

" A Xunta de Goberno Local na sesión de data 16 de febreiro de 2021 aprobou o *Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2021-2023* que foi publicado no BOP núm. 36 do 24 de febreiro do 2021.

Dentro das liñas estratéxicas de actuación recollidas no PES 2021-2023 atópase a Liña Estratéxica 1: Promoción económica e emprego. Así mesmo, na LS 1.2 recolle as subvencións nominativas previstas para a dita área.

Na a anualidade 2021 estaba recollida a previsión da subvención nominativa á entidade Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol por un importe de 8.567€ que se materializou coa formalización dun convenio de colaboración para a realización dun curso de formación para o emprego "Reformas de interiores e revestimentos" dirixido a persoas en risco de exclusión social.

Como consecuencia da grave crise socio económica, as persoas en risco de exclusión social están a continuar sendo un dos colectivos prioritarios de actuación en materia de formación para o emprego xa que se trata de persoas con escasa ou nula formación e moi pouca experiencia laboral que está a derivar nunha grave situación de vulnerabilidade.

Os resultados obtidos na anualidade 2021 coa dita subvención indican uns resultados moi satisfactorios: acadouse un nivel de inserción laboral superior ao 70% entre as persoas que remataron a formación, polo que, considérase de especial interese manter a dita subvención a esta entidade nas anualidades 2022-2023 para continuar colaborando na formación e cualificación das persoas en risco de exclusión social e en situación de vulnerabilidade.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 8.1 esixe que tódolos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar previamente o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións. Segundo o apartado 6 do PES do Concello de Ferrol, establécese que o presente Plan terá unha vixencia de tres anualidades, abarcando así o período 2021-2023, sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando outras.

Segundo o establecido no apartado 4 do PES, as modificacións puntuais que abranguen unha anualidade que vaian xurdindo nos tres anos de vixencia aprobaranse pola Xunta de Goberno Local.

Polo exposto, a funcionaria que subscribe, proponlle á concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro: Aprobar a modificación puntual da LS 1.2 Subvencións nominativas de Promoción Económica e Emprego para incluír nas anualidades 2022 e 2023 a previsión da subvención nominativa á entidade Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol (CIF R1500294B) por un importe anual de 5.000€.

Segundo: Dar publicidade desta modificación do PES 2021-2023 do Concello de Ferrol no portal de transparencia da web municipal e no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de acordo co disposto nos artigos 13 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno."

Polo exposto, a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi **PROPONLLE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción da seguinte resolución:**

Primeira: Aprobar a modificación puntual da LS 1.2 Subvencións nominativas de Promoción Económica e Emprego para incluír nas anualidades 2022 e 2023 a previsión da subvención nominativa á entidade Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol (CIF R1500294B) por un importe anual de 5.000€.

Segunda: Dar publicidade desta modificación do PES 2021-2023 do Concello de Ferrol no portal de transparencia da web municipal e no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de acordo co disposto nos artigos 13 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 6.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita. ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 3 de marzo de 2022

Vº e Pr.

ALCALDE

Ángel Manuel Mato Escalona

O secretario xeral

Leopoldo Moure García